

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO. ANO 2020.

1.- FINALIDADE E OBXECTO

As bases da presente convocatoria teñen por finalidade a promoción das Entidades Deportivas locais de carácter federado, non mercantís, non profesionais, e consecuentemente sen ánimo de lucro.

A efectos de que os colectivos de base anteriormente citados poidan alcanzar os seus obxectivos, o obxecto que motiva a presente convocatoria é financiar, en parte, os gastos derivados da súa **participación nas competicións deportivas establecidas nos correspondentes calendarios oficiais das federacións autonómicas e nacionais.**

Para os efectos desta convocatoria de subvencións consideraranse gastos subvencionables os seguintes conceptos:

- a) Gastos de pagamento de licenzas federativas e de mutualidade. (Para a súa correcta xustificación ver apartado 10.3 destas bases)
- b) Gastos de desprazamentos fóra do termo municipal de Santiago dos diferentes equipos ou deportistas da Entidade, vinculados exclusivamente coas datas de competición oficial federativa (non se terán en conta adestramentos, torneos non oficiais, etc...). No caso de desprazamentos en vehículos particulares, á hora da xustificación só se terá en conta o gasto de 0,19 €/quilómetro, achegando as correspondentes facturas de repostaxe de combustible a nome da Entidade, que deberán de coincidir e vir acompañados do calendario oficial federativo da competición.
- c) Gastos de aloxamento dos diferentes equipos ou deportistas da Entidade, que deberán de coincidir e vir acompañados do calendario oficial federativo da competición. En ningún caso serán admitidos gastos de aloxamento en distancias inferiores a 100 km. da cidade de Santiago. **Non se terán en conta os gastos de manutención.**
- d) Gastos de arbitrxes que se correspondan coas competicións do calendario oficial federativo. (Para a súa correcta xustificación ver apartado 10.3 destas bases)
- e) Gastos de material deportivo non inventariable (balóns, equipacións, ...) ata un máximo de 3.000 €. No momento da xustificación as facturas deberán especificar conceptos, cantidades, etc.
- f) Gastos de servizo externo de lavandaría.
- g) Gastos de alugueiro de instalacións para adestramentos ou competicións.
- h) Gastos médicos, en xeral.
- i) Gastos de pagamento de inscricións en probas de competición oficial de carácter puntual incluídas no calendario federativo.
- j) Gastos de seguros de responsabilidade civil e/ou accidentes que teña que posuir a Entidade para o seu normal funcionamento. A maiores, no caso do ciclismo,

excepcionalmente aceptaranse os seguros dos vehículos das entidades xa que son necesarios para poder competir/adestrar.

- k) Gastos derivados da contratación de persoal técnico (adestrador, monitor, preparador físico...) que preste servizos directamente relacionados coa actividade/categorías obxecto da subvención, incluídos salarios, cotas da seguridade social e retencións do IRPF practicadas. No que respecta ao persoal de coordinación ou administración, terase en conta ata un máximo do 30% do seu custo, sempre que se acredite a súa vinculación coa actividade obxecto da subvención (Para a súa correcta xustificación ver punto 10.3 das bases)

Todos estes gastos terán que corresponder ao ano 2020.

2.- CONTÍA

A contía total que se destina a esta finalidade será de **275.000 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890100/2020.

3.- DESTINATARIOS

Poderán acceder a estas subvencións as entidades deportivas que participen en competicións federadas, con sede social no Municipio de Santiago e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, e no Rexistro da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Non se considerarán a efectos destas bases:

- As solicitudes daquelas entidades que, con independencia de estar federadas, non participen en competicións oficiais incluídas no calendario da federación correspondente.
- As solicitudes daquelas entidades que participen nas modalidades de cicloturismo, sendeirismo ou similares, nas que non existe unha estrutura de competición convencional.
- As solicitudes que correspondan a entidades deportivas vinculadas con empresas privadas de servizos deportivos.
- As solicitudes de calquera entidade pública territorial ou corporativa, así como das entidades vinculadas ou dependentes das mesmas.

Excluíranse tamén das subvencións previstas nestas bases:

- As categorías daquelas Entidades que teñan un convenio nominal co Concello de Santiago de Compostela.
- Os equipos de fútbol sala que participen na competición local/interzonal, como consecuencia do alto número de participantes existentes.
- Os equipos de fútbol que participen na categoría de veteranos.

4.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

a.- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b.- Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou disfrute da subvención.

c.- Someterse ás actuacións de comprobación e control dos órganos competentes e aportar a información que lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d.- Comunicar ao órgano concedente a solicitude e a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.

e.- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, e cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f.- Fomentar o desenvolvemento de actitudes e comportamentos en contra da violencia no eido do deporte, así como, a transmisión de valores positivos en prol do xogo limpo entre os adestradores, xogadores e demais membros da Entidade.

g.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistencia ou subministrados necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

h.- A actividade que se desenvolva por parte dos beneficiarios realizarase en lingua galega, tanto no que toca ao seu desenvolvemento como á comunicación oral ou escrita que xeren.

i.- Os beneficiarios deberán, de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación da actividade obxecto da subvención, quedando obrigados a informar da axuda concedida polo Concello de Santiago entre todos os membros da súa Entidade, así como, a través da web do club, se existe, redes sociais etc...

5.- DOCUMENTACIÓN

O formulario de solicitude e os anexos están dispoñibles na web do Concello de Santiago (www.santiagodecompostela.gal) e na web do Departamento de Deportes (deportes.santiagodecompostela.gal).

Os interesados deberán presentar a solicitude debidamente cuberta, na que figurará, entre outros datos, a contía da axuda solicitada que, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit previsto pola Entidade. Esta solicitude deberá estar asinada polo representante da Entidade solicitante, que só poderá ser o presidente ou un membro da xunta directiva.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

5.1.- Certificación do nomeamento do interlocutor da Entidade para as súas relacións co Concello no que se refire á convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado ano 2020, asinada polo Secretario da Entidade co Vº e prace do Presidente. (Anexo I)

5.2.- Declaración asinada polo presidente/a da Entidade, na que se expresen, baixo a súa responsabilidade, as axudas, subvencións, recursos e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para a mesma finalidade. (Anexo II)

5.3.- Declaración asinada polo presidente/a da Entidade, de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas, e que os datos que se aportan no expediente de solicitude responden á realidade. (Anexo III)

5.4.- Orzamento de gastos para os que se solicita subvención (Anexo IV). Para a elaboración deste orzamento cómpre ter en conta os gastos subvencionables de acordo cos conceptos definidos no punto 1 das bases, así como os criterios de xustificación descritos no punto 10. A maiores, será obrigatorio cubrir detalladamente o orzamento xeral actualizado de gastos e ingresos da Entidade correspondente á tempada 2019/2020 ou á tempada 2020 (segundo proceda en función da modalidade deportiva) que figura no formulario da solicitude.

5.5.- Se a actividade para a que se solicita a subvención ten como suxeitos a menores de idade, deberá presentarse unha declaración responsable de que todo o persoal (incluído o voluntario) encargado de realizar tales actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor (segundo redacción dada polo artigo nº 5 do artigo 13 introducido polo apartado oito do artigo primeiro da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (B.O.E. 29 xullo) e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado. (Anexo V)

5.6.- Certificación oficial federativa do nº de equipos ou do nº de licenzas, segundo corresponda, e categoría na que compiten na tempada 2019/2020 ou na tempada 2020 (segundo proceda en función da modalidade deportiva). Este certificado deberá incluír só os equipos e licenzas que participen en competición oficial. Excluíranse desta certificación as categorías recollidas no punto 3 das presentes bases.

5.7.- Certificación oficial federativa na que se detalle a participación dos diferentes equipos/deportistas da entidade nas distintas competicións oficiais do calendario federativo da tempada 2019/2020 ou na tempada 2020 (segundo proceda en función da modalidade deportiva).

5.8.- Certificación dos gastos de mutualidade e de licenzas federativas da Entidade correspondente á tempada 2019/2020 ou á tempada 2020 (segundo proceda en función da modalidade deportiva), desglosado por categorías de competición. Excluíranse desta certificación as categorías non subvencionables recollidas no punto 3 das presentes bases.

5.9.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, con Facenda (Axencia Tributaria) e con Facenda da Comunidade Autónoma. Estas certificacións

poderanse substituír por unha autorización da Entidade para que o Concello de Santiago poida obter de forma directa e en calquera fase do procedemento os devanditos certificados. Neste caso deberase asinar o apartado correspondente da solicitude.

A maiores, de oficio, farase a consulta de que a Entidade non ten débedas pendentes co Concello de Santiago.

5.10.- Impreso actualizado, selado pola entidade bancaria, no que figuren a Entidade Deportiva como titular e o seu nº de conta.

5.11.- Copia do CIF da Entidade

5.12.- Copia dos estatutos polos que se rixa a Entidade. Non será necesario aportalos no caso de que non sufriran modificación con respecto aos presentados para facer a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións. Neste caso deberá asinar o apartado correspondente da solicitude.

5.13.- Copia do DNI do representante da Entidade que asina a solicitude.

O Concello poderá pedir onde proceda a confirmación dos datos anteriores.

No caso de que os documentos esixidos xa estivesen no poder dalgún órgano do Concello de Santiago, o solicitante poderá acollerse ao establecido no parágrafo 1 apartado d) do artigo 53 da Lei 39/2015, sempre e cando se faga constar a data e o órgano ou dependencia na que foron presentados.

No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou ao seu representante, a presentación de dito documento ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o mesmo, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Os documentos normalizados sinalados como “anexos” nesta convocatoria son de cumplimentación obrigatoria e poderán ser ampliados polos solicitantes aportando a documentación que consideren oportuna para a mellor valoración das súas solicitudes.

As certificacións deberán vir asinadas polo/a Secretario/a da Entidade co visto e prace do/a Presidente/a.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

6:1 As solicitudes acompañadas da documentación complementaria, de acordo co establecido na base anterior, presentaranse preferiblemente no rexistro electrónico do Estado que permite presentar documentos para a súa transmisión electrónica a outras administracións públicas (comunidades autónomas, entidades locais etc.) integradas no sistema de interconexión de rexistros: <https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do>

Tamén se poderá presentar nos rexistros do Concello de Santiago de Compostela, que atenderán con cita previa: http://santiagodecompostela.gal/casa_concello/citaprevia.php

- Rexistro Xeral: Rúa Presidente Salvador Allende, 4 Baixo (Galeras).
- Rexistro Auxiliar do Ensanche: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural)

O horario dos Rexistros municipais entre o 15 de xuño e o 15 de setembro de 2020 será de 9,00 a 13,00 h., e durante o resto do ano será de 9,00 a 14,00 h.

Tamén poderán presentarse nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. (Neste caso será obrigatorio remitir por correo electrónico ao Departamento de Deportes do Concello, nun prazo máximo de 48 horas, unha copia da solicitude presentada).

6:2 O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir da publicación da convocatoria no BOP.

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para determinar a contía de cada unha das subvencións a conceder teranse en conta os gastos de mutualidade e de licenzas federativas e, a maiores:

- Para deportes colectivos: número de equipos da Entidade e categoría de competición dos mesmos.
- Noutro tipo de deportes: número de licenzas de competición

Baremo explicativo en documento complementario.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade solicitante que aporte a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

As subvencións finais que correspondan ás Entidades Deportivas, como resultado da aplicación dos criterios de valoración, poderán modificarse aplicando porcentaxes redutoras, de forma proporcional, no caso de que a suma global sexa superior á contía total prevista nestas bases, e co fin de axustalas á mesma.

Do mesmo xeito, se unha vez calculadas as cantidades que corresponden ás Entidades, resulta que queda un remanente da contía global, este repartirase de forma proporcional entre as mesmas.

Por outra parte, en ningún caso o importe da axuda municipal concedida poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas doutras Administracións ou entes públicos ou privados supere o custo das actividades a desenvolver polo beneficiario. Non serán subvencionables aquelas actividades que non teñan déficit. A subvención nunca poderá ser superior ao déficit nin superar a contía da axuda solicitada.

8.- TRAMITACIÓN

O Departamento de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo de DEZ DÍAS hábiles a partir da data da notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude arquivarase sen máis trámite.

9.- RESOLUCIÓN

A formulación das propostas de concesión das subvencións corresponderá á Comisión Avaliadora que estará presidida pola Concelleira de Deportes e integrada por persoal técnico do Departamento de Deportes.

A devandita proposta elevarase á Xunta de Goberno para a súa resolución antes do 31 de outubro.

No momento da resolución a Entidade solicitante deberá estar ao corrente nas obrigas tributarias (axencia estatal e Comunidade autónoma), coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes co Concello de Santiago.

10.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN

10:1 Unha vez aprobada a subvención, será notificada aos interesados, a través do Departamento de Deportes do Concello.

10:2 O prazo para a xustificación da subvención rematará o 15 de novembro de 2020.

10:3 As entidades beneficiarias deberán presentar, (por calquera dos medios indicados no punto 6:1) a seguinte documentación:

1. O formulario para a xustificación da subvención (Anexo A) debidamente cuberto e asinado polo representante legal da entidade.
2. As facturas ou documentos substitutivos correspondentes a todos os gastos obxecto da subvención enumerados no anexo IV da solicitude, así como acreditar o seu pagamento antes da finalización do período de xustificación da subvención. A estes efectos, a acreditación do pago realizarase por algunha das seguintes formas:
 - a. Preferentemente mediante transferencia bancaria: xustificarse mediante copia do resgardo do cargo da mesma, debendo figurar no concepto da transferencia o número da factura ou, en defecto desta, o concepto abonado.
 - b. Cheque: ademais da copia do cheque firmado, xustificarse mediante copia do extracto bancario de cargo en conta correspondente ao cheque.
 - c. Efectivo: Só se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como restaurantes, gasoleiras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de 600 euros por expediente de xustificación. Xustificarse mediante factura ou recibí asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo de figurar a expresión recibí ou outra análoga.

Para xustificar os gastos de persoal deberán achegarse:

- Nóminas e xustificante do seu pagamento mediante transferencia bancaria
- Documentos RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións) e RNT (Relación Nominal de traballadores) –antigos TC1 e TC2–, debidamente convalidados. O RLC deberá estar selado pola oficina recaudadora e/ou ir acompañado de xustificante bancario, aínda no caso de que non se imputen custos de Seguridade Social. O modelo RNT deberá ir asinado pola persoa autorizada no caso de confeccionarse telematicamente polo Sistema RED.
- O modelo 111 e o modelo 190 acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a traballadores suxeitos ao IRPF.
- Declaración responsable do representante legal da entidade beneficiaria, que dito persoal está destinado a desenvolver o programa ou actividade subvencionada. (Anexo B)
- Memoria explicativa na que se detallen as funcións e cometidos do persoal que figura na declaración responsable, e na que se acredite a súa directa vinculación coa actividade obxecto da subvención.

Independentemente da contía da subvención concedida, haberá que xustificar, cando menos, o importe previsto do orzamento do anexo IV e a totalidade dos conceptos de gasto elixidos.

Todas as facturas deberán referirse a gastos do exercicio 2020.

Excepcionalmente, aceptaranse como xustificantes de gasto, Certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva ou de Colexios de Árbitros, nas que se fagan referencia a importes correspondentes e aboados no ano 2020, desglosados por categorías de competición, sempre e cando veñan acompañadas dos xustificantes bancarios.

De non cumprirse algún dos requisitos anteriormente mencionados, darase un prazo de 10 días, a partir da data de notificación, para achegar a documentación que se precisa, tendo en conta que a xustificación se ten que facer antes do 15 de novembro de 2020.

En caso de que non se xustifique o importe previsto no orzamento do Anexo IV e a totalidade conceptos de gasto elixidos, a cantidade da subvención concedida reducirase de forma proporcional.

Do mesmo xeito, se as subvencións declaradas no momento da xustificación son superiores ás previstas polo interesado na solicitude, a contía da subvención concedida poderá verse reducida, na cantidade que corresponda.

No momento da xustificación a Entidade beneficiaria deberá estar ao corrente nas obrigas tributarias (axencia estatal e Comunidade autónoma), coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes co Concello de Santiago.

11.- PAGAMENTO

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, informadas en primeira instancia polo Departamento de Deportes e con proposta do órgano xestor, remitirase o expediente a Intervención para que emita o preceptivo informe de fiscalización. A Xunta de Goberno Local resolverá a súa aprobación e tramitarase a correspondente orde de

pagamento. Non se poderá facer ningún pago se non se acredita o cumprimento das obrigas tributarias (axencia estatal e Comunidade autónoma) e coa Seguridade Social.

12.- RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

12:1 O Concello poderá dispor que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos presentados polos solicitantes, para unha mellor valoración das solicitudes e resolución do expediente.

12:2 Os beneficiarios, baixo a súa responsabilidade, virán obrigados a comunicar ao Concello a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado.

12:3 Así mesmo o beneficiario facilitará canta información lle sexa requirida polo Tribunal de Contas ou Consello de Contas, no seu caso.

12:4 Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador contidas no Título IV da Lei Xeral de Subvencións (LXS).

DOCUMENTO EXPLICATIVO DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na aplicación dos criterios de valoración que se recollen no punto 7 das Bases da Convocatoria de Subvencións destinadas ao fomento do Deporte Federado 2020, terase en conta o seguinte:

1.- GASTOS DE MUTUALIDADE E DE LICENZAS FEDERATIVAS

- **Terase en conta, como máximo, o 75% dos gastos de mutualidade e de licenzas federativas de cada Entidade.**
- **A aquelas Entidades de deportes colectivos que teñan dous ou máis equipos base nunha mesma modalidade, poderáselles considerar até o 90% dos referidos gastos.**
- **Naquelas modalidades como, pesca, caza ou similares nas que existe unha peculiar estrutura de competición, de proceder a adxudicación de subvención, consideraráselles como máximo o 20% dos gastos de mutualidade e de licenzas federativas.**

2.- BAREMO POR MODALIDADES

- **Para deportes colectivos: terase en conta o número de equipos da Entidade e categoría de competición dos mesmos certificados pola federación correspondente.**

- Noutro tipo de deportes: terase en conta número de licenzas certificadas pola federación correspondente, vinculadas coa competición oficial.

BALONCESTO

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
LIGA EBA (Nacional)	3.475
1ª DIVISIÓN MASCULINA (autonómica)	1.390
2ª DIVISIÓN MASCULINA (autonómica)	525
3ª DIVISIÓN MASCULINA (interzonal)	235
1ª DIVISIÓN JUNIOR (autonómica)	235
2ª DIVISIÓN JUNIOR (interzonal)	90
1ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	235
2ª DIVISIÓN CADETE (interzonal)	90
1ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	235
2ª DIVISIÓN INFANTIL (zonal)	90
PRE-INFANTIL (autonómica)	90
3ª DIVISIÓN INFANTIL (zonal)	90
1ª DIVISIÓN MINIBASKET (autonómica)	90
MINIBASKET (zonal)	90
PREMINIBASKET (zonal)	90
BABY BASKET (zonal)	90
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
1ª DIVISIÓN FEMININA (nacional)	9.145
1ª DIVISIÓN AUTONÓMICA (autonómica)	1.455
2ª DIVISIÓN FEMININA (interzonal)	185
1ª DIVISIÓN JUNIOR (autonómica)	245
2ª DIVISIÓN JUNIOR (interzonal)	95
1ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	245
2ª DIVISIÓN CADETE (interzonal)	95
1ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	245
2ª DIVISIÓN INFANTIL (zonal)	95
PRE-INFANTIL FEMININA (autonómica)	95
3ª DIVISIÓN INFANTIL (zonal)	95
1ª DIVISIÓN MINIBASKET (autonómica)	95
MINIBASKET (zonal)	95
PREMINIBASKET (zonal)	95
BABY BASKET (zonal)	95

BALONMÁN

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
1ª ESTATAL (Nacional)	9.945

1ª AUTONÓMICA	1.390
2ª AUTONÓMICA	350
DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL (Autonómica)	350
2ª DIVISIÓN XUVENIL (Autonómica)	105
DIVISIÓN DE HONRA CADETE (Autonómica)	350
2ª DIVISIÓN CADETE (Autonómica)	105
DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL (Autonómica)	350
2ª DIVISIÓN INFANTIL (Autonómica)	105
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
DIVISIÓN DE HONRA PRATA FEMININA (nacional)	7.260
1ª AUTONÓMICA	1.455
DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL (autonómica)	380
2ª DIVISIÓN XUVENIL (autonómica)	110
DIVISIÓN DE HONRA CADETE (autonómica)	380
2ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	110
DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL FEMININA (Autonómica)	380
2ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	110
ALEVIN MIXTO PROVINCIAL	110
BENXAMIN MIXTO PROVINCIAL	110
PRE-BENXAMÍN MIXTO PROVINCIAL	110

BEISBOL E SOFBOL

CATEGORÍAS DEPORTIVAS	Euros
LIGA SENIOR MASCULINA (Autonómica)	475
CATEGORÍAS INFERIORES MIXTAS (Autonómica)	175

FÚTBOL

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
3ª DIVISIÓN NACIONAL (nacional)	7.945
PREFERENTE GALICIA (autonómica)	3.475
PRIMEIRA GALICIA (autonómico)	635
SEGUNDA GALICIA (interzonal)	475
TERCEIRA GALICIA (interzonal)	345
XUVENIL DIVISIÓN HONOR (nacional)	3.475
XUVENIL LIGA NACIONAL (autonómica)	2.085
XUVENIL LIGA GALEGA AUTONÓMICA	1.390
XUVENIL AUTONÓMICA (Primeira e Segunda) (interzonal)	175
CADETE DIVISIÓN HONOR (autonómica)	2.085
CADETE LIGA GALEGA (autonómica)	1.390
CADETE AUTONÓMICA (Primeira e Segunda) (interzonal)	175
INFANTIL LIGA GALEGA (autonómica)	1.045
INFANTIL AUTONÓMICA (Primeira e Segunda) (interzonal)	175
ALEVIN AUTONÓMICA (Primeira e Segunda) (interzonal)	175

BENXAMIN AUTONÓMICA (Primeira e Segunda) (interzonal)	175
PREBENXAMIN AUTONÓMICA (Primeira) (interzonal)	175
BIBERÓN AUTONÓMICA (interzonal)	175
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
LIGA GALEGA 1ª DIVISIÓN (autonómica)	1.455
LIGA GALEGA 2ª DIVISIÓN (autonómica)	665
LIGA GALEGA INFANTIL FEMININA (F11) (autonómica)	1.100
LIGA GALEGA PROMESAS FEMININA (F8) (provincial)	365

FÚTBOL GAÉLICO

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
1ª GALICIA (Autonómica)	345
2ª GALICIA (provincial)	175
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
1ª GALICIA (Autonómica)	365
2ª GALICIA (provincial)	185

FÚTBOL-SALA

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
3ª DIVISIÓN (nacional)	1.390
PREFERENTE GALICIA (autonómica)	525
PRIMEIRA GALICIA (provincial)	105
DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL (nacional)	695
LIGA GALEGA XUVENIL (autonómico)	235
1ª GALICIA XUVENIL (provincial)	105
DIVISIÓN DE HONRA CADETE (autonómica)	695
LIGA GALEGA CADETE (autonómica)	235
1ª GALICIA CADETE (provincial)	105
LIGA GALEGA INFANTIL (autonómica)	235
1ª GALICIA INFANTIL (provincial)	105
LIGA GALEGA ALEVÍN (autonómica)	235
1ª GALICIA XUVENIL (provincial)	105
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
1ª DIVISIÓN FEMININA (nacional)	1.455
2ª DIVISIÓN FEMININA (nacional)	1.100
PREFERENTE FEMININA (autonómica)	550
PRIMEIRA GALICIA FEMININA (provincial)	110
LIGA GALEGA XUVENIL FEMININA (autonómica)	245
LIGA GALEGA CADETE FEMININA (autonómica)	245
LIGA GALEGA INFANTIL FEMININA (autonómica)	245
LIGA GALEGA ALEVÍN FEMININA (autonómica)	245

HOCKEY A PATINS

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
SENIOR AUTONÓMICA MASCULINA	1.390
JUNIOR (Autonómica)	235
XUVENIL (Autonómica)	235
CATEGORÍAS INFERIORES (Infantil, Alevín, Benxamín, Prebenxamín e Micro)	90
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
SENIOR AUTONÓMICA FEMININA (autonómica)	1.455
SUB 16 FEMININA (autonómica)	245
CATEGORÍAS INFERIORES FEMININAS e MIXTAS (Infantil, Alevín, Benxamín, Prebenxamín e Micro)	95

RUGBY

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
1ª DIVISIÓN SENIOR MASCULINA (Autonómica)	1.390
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
1ª DIVISIÓN SENIOR FEMININA (Autonómica)	1.455
Liga Galega Sub-18 mixta (autonómica)	350
Liga Galega Sub-16 mixta (autonómica)	350
Liga Galega Sub-14 mixta (autonómica)	350

TENIS DE MESA

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
SUPER-DIVISIÓN (Estatal)	3.475
DIVISIÓN HONOR (Estatal)	2.085
PRIMEIRA NACIONAL (Estatal)	1.045
SEGUNDA NACIONAL (Estatal/Autonómica)	525
TERCERA NACIONAL (Autonómico)	280
1ª DIVISIÓN GALEGA (Autonómica)	175
2ª DIVISIÓN GALEGA (Autonómica)	105
3ª DIVISIÓN GALEGA (Autonómica)	90
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
SUPER-DIVISIÓN (Estatal)	3.630
DIVISIÓN HONOR (Estatal)	2.180
PRIMEIRA NACIONAL (Estatal)	1.090
SEGUNDA NACIONAL (Autonómica)	545
TERCEIRA NACIONAL (Autonómica)	295

VOLEIBOL

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
2ª DIVISIÓN NACIONAL (autonómica)	1.390
1ª DIVISIÓN XUVENIL (autonómica)	350
2ª DIVISIÓN XUVENIL (autonómica)	235
1ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	350
1ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	350

LIGA ALEVÍN (autonómica)	350
LIGA BENXAMÍN (autonómica)	350
LIGA PREBENXAMÍN (provincial)	235
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
2ª DIVISIÓN NACIONAL (autonómica)	1.455
2ª DIVISIÓN SENIOR (autonómica)	725
3ª DIVISIÓN SENIOR (provincial)	110
1º DIVISIÓN XUVENIL (autonómica)	365
2ª DIVISIÓN XUVENIL (autonómica)	245
3ª DIVISIÓN XUVENIL (provincial)	110
1ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	365
2ª DIVISIÓN CADETE (autonómica)	245
3ª DIVISIÓN CADETE (provincial)	110
1ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	365
2ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	245
3ª DIVISIÓN INFANTIL (autonómica)	110
LIGA ALEVÍN (autonómica)	365
LIGA BENXAMÍN (autonómica)	365
LIGA PREBENXAMÍN (provincial)	245

WATERPOLO

CATEGORÍAS DEPORTIVAS MASCULINAS	Euros
2ª DIVISIÓN NACIONAL	6.945
3ª DIVISIÓN PRE	2.085
1ª DIVISIÓN GALEGA ABSOLUTA MASCULINA (autonómica)	1.390
2ª DIVISIÓN GALEGA ABSOLUTA MASCULINA (autonómica)	690
CATEGORÍAS DEPORTIVAS FEMININAS	Euros
2ª DIVISIÓN NACIONAL	7.260
LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA (autonómica)	1.455
CATEGORÍAS INFERIORES MIXTAS (autonómicas)	245

OUTRAS MODALIDADES

ESCALA APLICADA (Segundo nº de licenzas certificadas pola Federación Galega correspondente)	Euros
De 1 a 15 licenzas	385
De 16 a 30 licenzas	575
De 31 a 50 licenzas	765
De 51 a 75 licenzas	955
De 76 a 100 licenzas	1.145
De 101 a 200 licenzas	1.525
De 201 a 300 licenzas	1.905
De 301 a 400 licenzas	2.285

Observación:

As categorías e/ou modalidades que non estean recollidas no presente baremo poderán ser obxecto de estudo pola Comisión Avaliadora en base a criterios obxectivos e debidamente xustificadas.